

DON JAVIER PASTOR DIAZ MOSQUERA, CONCELEIRO SECRETARIO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO EXCMO. CONCELLO DE FERROL.

CERTIFICADO: Que a Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o día 08 de xullo de 2024, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

“14.- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN COA JUNTA GENERAL DE COFRADÍAS Y HERMANDADES DE LA SEMANA SANTA PARA A COLABORACIÓN DO DESENVOLVEMENTO DA SEMANA SANTA 2024 (EXPEDIENTE CIVIDAS 2024022889). Examinada a proposta que eleva a Concelleira Delegada de Turismo, que textualmente di:

“Examinouse o informe proposta elaborado polo Negociado con data 24 de junio de 2024 e que literalmente di :

“ANTECEDENTES

O Orzamento Xeral vixente do Concello de Ferrol contén, no anexo de subvencións nominativas (aprobado polo Acordo de Pleno de data 29 de febreiro de 2024) o convenio coa entidade, e polo importe e coa finalidade, que xestionará o Servizo de Cultura, Educación, Deportes e Turismo, seguinte:

IMPORTE	PERCEPTOR	NIF	FINALIDADE
47.000€	JUNTA GENERAL DE COFRADÍAS Y HERMANDADES DE LA SEMANA SANTA	G70437181	COLABORACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DA SEMANA SANTA 2024

Con data 14 de xuño de 2024 a concelleira delegada especial de Turismo, Patrimonio Histórico, Sanidade, Consumo, Benestar Animal e Mercados, mediante providencia, ordenou o inicio do expediente para a concesión da subvención dirixida á entidade anteriormente mencionada do Concello de Ferrol.

Con data 18 de xuño de 2024, JUNTA GENERAL DE COFRADÍAS Y HERMANDADES DE LA SEMANA SANTA, con NIF G70437181, presentou a solicitude de formalización do convenio citado.

A citada entidade cumpre os requisitos esixidos pola normativa estatal e autonómica relativa ás subvencións, e así consta no expediente.

Así, respecto da tramitación do expediente de subvención, establece o artigo 22.2 a) da Lei 38/2003, 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), que poderán concederse de forma directa as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos das entidades locais, nos termos recollidos nos convenios e na normativa reguladora destas subvencións. A Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Ferrol, aprobada en Pleno Municipal en sesión realizada o día 15 de outubro de 2019 e publicada no BOP o día 21 de outubro de 2019, prevé, no seu artigo 20, que poderán concederse de forma directa as subvencións a que se refire o artigo 22.2 a) da LXS, e os convenios serán o instrumento habitual para outorgar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos municipais.

O presente convenio sigue o modelo normalizado establecido para a concesión de subvencións nominativas por este Concello establecido no artigo 50.2a) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP). Polo tanto, en concordancia co citado artigo, en relación coa emisión do informe pola Asesoría Xurídica, non será necesaria a súa emisión por tratarse dun modelo normalizado, se ben acredítase a súa conformidade coa tramitación do convenio coa sinatura deste informe-proposta.

O artigo 64 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da LXS regula o procedemento de concesión das subvencións previstas nominativamente nos orzamentos:

“1. A efectos do disposto no artigo 22.2 a) da Lei Xeral de Subvencións, son subvencións previstas nominativamente nos Orzamentos Xerais do Estado, das Comunidades Autónomas ou das Entidades Locais, aquelas cuxo obxecto, dotación orzamentaria e beneficiario aparecen determinados expresamente no estado de gastos do orzamento.

2. Na Administración Xeral do Estado, nas Entidades Locais e nos organismos públicos vinculados ou dependentes de ambas, será de aplicación ás devanditas subvencións, en defecto de normativa específica que regule a súa concesión, o previsto na Lei Xeral de Subvencións e neste Regulamento, salvo no que nunha e outro afecte á aplicación dos principios de publicidade e concorrência.

3. O procedemento para a concesión destas subvencións iniciárase de oficio polo centro xestor do crédito orzamentario ao que se imputa a subvención, ou a instancia do interesado, e terminará coa resolución de concesión ou o convenio.

En calquera dos supostos previstos neste apartado, o acto de concesión ou o convenio terá o carácter de bases reguladoras da concesión para os efectos do disposto na Lei Xeral de Subvencións.

A resolución ou, no seu caso, o convenio deberá incluír os seguintes extremos:

a) Determinación do obxecto da subvención e dos seus beneficiarios, de acordo con a asignación orzamentaria.

b) Crédito orzamentario ao que se imputa o gasto e contía da subvención, individualizada, no seu caso, para cada beneficiario se fosen varios.

c) Compatibilidade ou incompatibilidade con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administracións ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

d) Prazos e modos de pago da subvención, posibilidade de efectuar pagos anticipados e abonos a conta, así como o réxime de garantías que, no seu caso, deberán achegar os beneficiarios.

e) Prazo e forma de xustificación por parte do beneficiario do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e da aplicación dos fondos percibidos”

A aprobación do expediente deberá ir precedida do informe favorable da Intervención Municipal.

NORMATIVA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS).
- Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Título X da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia

- *Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais*
- *Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.*
- *Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.*
- *Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Ferrol (BOP da Coruña nº 200, de 21/10/2019).*
- *PLAN ESTRATÉXICO de SUBVENCIÓNS do CONCELLO de FERROL 2024-2026 publicado no B.O.P. da provincia da Coruña n.º 39, o 23 de febreiro de 2024*
- *Instrución 6/2004 do Concelleiro delegado de Alcaldía, Promoción Económica e Emprego, Fondos Europeos, Participación e Atención Cidadá, Organización Interna e Contratación de data 23 de maio de 2024.*

COMPETENCIA

As resolucións que se adopten nesta materia son competencia da Xunta de Goberno Local, segundo o disposto no artigo 127 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora de Bases do Réxime Local e no no acordo da propia Xunta de Goberno Local de data 11/12/2023 (BOP n.º 241 de 20/12/2023)”.

En consecuencia, **proponse á Xunta de Goberno Local á adopción dos seguintes acordos**

Primeiro. Conceder á entidade JUNTA GENERAL DE COFRADÍAS Y HERMANDADES DE LA SEMANA SANTA, con NIF G70437181, (EXP. 2024022889) unha subvención destinada ao financiamento de colaboración no desenvolvemento da Semana Santa 2024.

Segundo. Aprobar a sinatura do convenio regulador da subvención, segundo a proposta que figura no expediente, entre o Concello de Ferrol e a JUNTA GENERAL DE COFRADÍAS Y HERMANDADES DE LA SEMANA SANTA para o período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2024, co fin de contribuír ao financiamento das actividades citadas no apartado anterior e delegala no concelleiro competente por razón da materia.

Terceiro. Autorizar e dispoñer o gasto a favor da entidade JUNTA GENERAL DE COFRADÍAS Y HERMANDADES DE LA SEMANA SANTA, con NIF G70437181, por importe de corenta e sete mil euros (47.000€), gasto imputable á aplicación 05205-4301-48000 do Orzamento Municipal en vigor, que se fará efectiva e se xustificará de conformidade co establecido no convenio a subscribir e na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e na Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Ferrol.

Cuarto. No caso de que a entidade teña algún convenio ou subvención de exercicios pechados pendentes de xustificar, o recoñecemento da obriga quedará condicionado ao peche con conformidade das xustificación.

Quinto.- Subministrar a información sobre a concesión á Base de Datos Nacional de Subvencións”.

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade, acordou a aprobación da proposta anteriormente transcrita ”

E para que conste e ós efectos correspondentes, expídese a presente, de orde e co Visto e Prace do Excmo. Sr. Alcalde, coa reserva á que fai referencia o artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, no Pazo Municipal de Ferrol, na data que figura na sinatura electrónica.

Vº e Pr

ALCALDE